

COLMEIRO, José (2017): *Peripheral Visions / Global Sounds: from Galicia to the World*. Liverpool: Liverpool University Press, 332 pp.

*Peripheral Visions / Global Sounds: from Galicia to the World* supón un novo traballo do profesor José Colmeiro, que ostenta a Cátedra Prince of Asturias na University of Auckland, en Nova Celandia. Aínda que Colmeiro abarca diferentes liñas de investigación, entre as que destacan a novela policiaca, a obra de Manuel Vázquez Montalbán, a memoria e os estudos posnacionais no ámbito da Península Ibérica, na última década profundou bastante nos estudos galegos. Proba desa gran labor de investigación é o presente volume, dedicado á internacionalización da cultura galega, dende distintos ámbitos.

Este traballo é continuación directa de *Galeg@s sen fronteiras* (2013), unha obra na que Colmeiro conversaba con algunhas das principais figuras da cultura galega actual. Na introdución, sinala o progresivo cambio de paradigma que estamos a vivir nos últimos anos, produto dos diferentes procesos de globalización. Deste xeito, reflexiona sobre a difuminación dos centros e a progresiva maior relevancia das periferias. Galicia é, obviamente, unha destas periferias, tanto no sentido xeográfico como no simbólico.

Colmeiro aborda a investigación dende a perspectiva dos estudos culturais, xa que pretende analizar o impacto internacional de diferentes disciplinas nas que o selo galego conseguiu un elevado prestixio. O enfoque é maioritariamente posnacional, xa que, como Colmeiro explica, teorías de corte máis estruturalistas, como as de Rutherford ou González-Millán –que parten das teorías dos polisistemas de Even-Zohar–, son insuficientes para analizar a cultura galega. Do mesmo xeito e pola mesma razón, o autor evita o emprego do criterio filolóxico, baseado unicamente na lingua, pois algunhas das obras estudadas non utilizan o galego ou ben mesturan diferentes linguas. Entre as teorías nas que Colmeiro se

apoiou, hai que destacar as aportacións de Hooper, Romero, Miguélez-Carballeira e Moure, entre outras.

O autor fai fincapé na unicidade do caso galego e compara unha situación similar con outras nacións sen Estado e con lingua propia, como Euskadi e Cataluña, territorios que experimentaron procesos parecidos de opresión da cultura autóctona. Porén, sorprende que non se teña en conta a situación de Canarias, que, se ben é certo que non posúe unha lingua propia, si que representa non só a periferia, senón a ultraperiferia respecto ao resto do territorio estatal, e tivo un pasado marcado pola conquista e colonización das illas. Entendemos que por extensión e obxectivos, xa que o estudo se centra en Galicia, non hai espazo para a comparación das diferentes culturas nacionais que compoñen España, pero esperamos que poida ser materia dun próximo traballo.

O autor desenvolve os conceptos de “de-territorialization” e “deperipheralization”: o primeiro “tends to reflect the shifting of spatial relations with the globalization of the economy, politics, and culture, triggered by technological developments of digital information and virtuality and the new currents of global capitalism under the forms of neoliberalism and neocolonialism” (p. 68); o segundo permite revisar as concepcións tradicionais de centro e periferia e ademais atender aquelas producións e dinámicas culturais que se producen nas marxes. A partir deste marco teórico, comeza a análise de diversos feitos culturais desenvolto en Galicia e que teñen unha proxección universal. Un dos primeiros casos estudados é o do Camiño de Santiago, a peregrinación que a partir de 1993 tivo unha formulación baseada na consolidación como marca, para tentar atraer turistas. Isto incidiu no urbanismo de Santiago de Compostela, como ben atende Colmeiro, xa que dos peregrinos se

pasou aos turistas e a cidade responde agora á idea dun parque temático. A Cidade da Cultura, a obra faraónica ideada polo entón presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, é fiel reflexo desta noción de simulacro.

Os dous seguintes bloques céntranse no cinema e na música, respectivamente. En canto ao cinema galego, Colmeiro comeza incidindo na súa invisibilización, pois sinala que neste caso o centro está claramente ocupado pola industria hollywoodiense. De feito, afirma que o cinema español tamén sofre esta invisibilización, pero moito máis acentuada no caso galego, xa que está na periferia da periferia. Antes de abordar casos concretos, o autor reflexiona sobre a polémica de se existe un cinema verdadeiramente galego, nunha arte colectiva e na que cada vez máis se tende á coprodución entre institucións de diferentes países. Por esta razón, e refugando o criterio filolóxico, escolle o termo “cinema feito en Galicia” en vez de “cinema galego”, xa que representa moito mellor os procesos que teñen lugar.

Nas seguintes páxinas analízanse as condicións do cinema en Galicia, un sistema moi dependente, como gran parte do cinema español, das subvencións das institucións públicas, o que provoca que o tipo de cinema xerado sexa conservador. Colmeiro continúa co gran éxito da animación en Galicia, un boom que comezou con *El bosque animado* (2001), de Dygra Films, e que permitiu a produción doutros filmes que recibiron o favor do público e da crítica, como *Arrugas* (2011) e *O apóstolo* (2012). Fóra da animación, destaca o “Novo Cinema Galego”, unha corrente que fomentou a creación de películas en Galicia. *Sempre Xonxa* (1989), *Urxa* (1989) e *Continental* (1990) foron filmes que contribuíron de xeito decisivo á difusión do cinema feito en Galicia. Outros máis recentes que tamén tiveron gran éxito foron *Pradolongo* (2008), *Vikingland* (2011) e *Arraianos* (2012), tres obras distintas pero que reflecten a tradición da cultura galega dende o século XXI.

Chano Piñeiro, Oliver Laxe, Ignacio Vilar e Xavier Villaverde son algúns dos directores cuxa obra Colmeiro aborda no seu estudo e que foi proxectada en diferentes festivais. Tamén fai fincapé na relevancia da Televisión de Galicia na consolidación dos proxectos audiovisuais, debido ao apoio institucional ao cinema e á creación de diferentes programas e series de televisión. Aínda que pola extensión

do traballo o autor non pode centrarse en demasiada en determinadas obras, si que convén ter en conta o auxe das series e a calidade das producións galegas, o que permite que moitas delas sexan exportadas a outros países. Un caso que permite ilustrar a relevancia deste fenómeno pode ser *O sabor das margaridas* (2018), serie moi recente –posterior á publicación do libro– cuxos dereitos de difusión foron adquiridos por Netflix, o xigante das plataformas de entretemento en liña.

No último bloque, o dedicado á música, Colmeiro comeza co estudo e a reivindicación da movida galega, que tivo moita menos repercusión nos medios que a madrileña, precisamente por esa situación periférica. O autor tamén fai fincapé na importancia dalgunhas figuras como Bibiano ou Os Resentidos, que empregaron o galego no rock e en cuxas letras pode verse o “Galician nationalism aligned itself in solidarity with other post-colonial emancipating projects” (p. 223). Outro grupo fundamental da movida galega, que posibilitou a creación dun Vigo contracultural, foi Sinistro Total, banda que serviu de ponte entre os movementos galego e madrileño.

A irrupción da movida foi o xerme para a aparición máis tarde do rock bravú, termo que apareceu en 1993 para denominar á corrente musical que mesturaba o rock co folclore galego. Colmeiro estuda con atención este movemento que creou o seu propio manifesto e que reivindicaba o rural, a natureza. Entre os artistas que o autor analiza, destacan Xurxo Souto e Os Diplomáticos de Monte Alto. Resalta o compromiso político do movemento e a relación con outras artes, especialmente audiovisuais e literarias.

O bravú tivo un relevante impacto na sociedade da época e iso posibilitou a creación da *Revista bravú* e a vinculación co programa Xabarín Club da TVG, un programa infantil encargado de normalizar a lingua galega entre os máis pequenos e que contou coas ilustracións de artistas bravús, como Miguelanxo Prado, e coa música de moitos dos grupos aglutinados baixo a denominación bravú.

Colmeiro tamén analiza a relevancia da música folclórica a través de distintas institucións e movementos, como a Escola de Gaitas de Ortigueira ou o Movemento Popular da Canción Galega. Recolle o impacto das principais bandas que reivindicaban o folclore galego, como Milladoiro e, especialmente, Luar na

Lubre. Tamén destaca o grupo internacional The Chieftains, que colaboraron na difusión da cultura galega a partir das raíces compartidas na música celta. Sen dúbida, Carlos Núñez é un dos maiores expoñentes da música galega no mundo, xa que parte do popular, tanto en canto aos instrumentos empregados como ao tipo de composición, pero sen renunciar á innovación a través da mestura con outras tradicións musicais.

Como peche, o autor aborda brevemente algunhas das bandas e artistas máis destacados nos últimos anos, como Ataque Escampe e Sés. Será interesante analizar como estes novos artistas evolucionan musicalmente tras os éxitos acadados, xa que a lingua galega na que cantan non foi impedimento para encher concertos fóra de Galicia.

En definitiva, este volume é o resultado de anos de reflexión e análise da cultura galega dende o exterior, talvez dende unha posición privilexiada para contemplar dun xeito máis completo e sen prexuízos a expansión da marca Galicia polo mundo. Colmeiro, apoiado polas teorías posnacionais e por enfoques modernos, aborda en profundidade o cinema e a música galegas, mais tamén o Camiño de Santiago e outros sectores clave como o da moda. Podemos suxerirle ao autor que en próximos

estudos teña en conta tamén o deporte, onde os equipos e os atletas galegos están tendo unha gran relevancia a nivel nacional e mesmo internacional. Dende o fútbol, onde o Deportivo e o Celta loitan pola hexemonía en Galicia coa súa tradicional rivalidade e con repercusión nas competicións europeas –sen esquecer os títulos deportivistas– e o baloncesto, coa presenza do Monbus Obradoiro e o Cafés Candelas Breogán na ACB, até deportistas como Javier Gómez Noya, Ana Peleteiro, David Cal ou Cristian Toro, por mencionar algúns, que conseguiron medallas nas súas competicións.

As escasas erratas que se atopan ao longo do texto non restan nada de valor ao exemplar traballo desenvolvido nas súas 332 páxinas. Os casos estudados demostran que a cultura galega leva décadas de internacionalización sen perder as súas raíces locais. A tese defendida por Colmeiro sobre a desperiferialización das culturas situadas nas marxes, debido tamén a difuminación dos centros, compróbase ao longo desta excelente obra crítica, que desexamos que teña continuación en forma de novos artigos e volumes.

Javier Rivero Grandoso  
Universidad de La Laguna  
jriverograndoso@gmail.com